



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

0

NOTIFICACIÓN

Pola presente notifícolle que a alcaldía-presidencia, con data 09-08-2019 , ditou o Decreto nº 520/2019 , que deseguido se transcribe literalmente:

<< **Descrición Decreto:** Aprobación lista para contatación e formación da bolsa de emprego de auxiliar radio.

DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Rematada o proceso de selección para a selección e formación dunha bolsa de emprego de auxiliar de radio cuxas bases foron aprobadas por decreto nº 492 do alcalde de data 17 de xullo de 2019 publicadas na web municipal, sede electrónica e anuncio resumen en BOP nº 136 de data 19/07/2019.

Vista a acta do tribunal de selección de data 07/08/2019 publicada en data 09/08/2019 na páxina web do Concello, no Taboleiro de anuncios, e no taboleiro da sede electrónica, acta na que o Tribunal en aplicación da base 10.3 propón aprobar a cualificación final e formular ao señor Alcalde a proposta de contratación das persoas seleccionadas, por orde de puntuación.

Advertindo a secretaría que falta o informe de fiscalización da intervención municipal deste expediente e certificación e existencia de crédito para esta contratación.

En aplicación da base ONCE das bases que rixen este proceso selectivo.

Polo presente en uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local **RESOLVO:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de persoas que formarán parte da bolsa de emprego pola orde que segue conforme proposta do Tribunal de selección :

Nº ORDE	NOME E APELIDOS	PUNTUACION
1	ALEJANDRA NOVO GÓMEZ	21
2	MARCOS ANTONIO MAGÁN TABOADA	20

Dita bolsa funcionara conforme as normas establecidas na base 11 que rixen este proceso deselección.

SEGUNDO.- Chamar para o seu nomeamento urxente pola orde da lista a ALEJANDRA NOVO GÓMEZ Informandolle que no prazo máximo de tres días hábiles a contar dende o día seguinte a este decreto deberá achegar a documentación indicada na base 11.5.

TERCEIRA.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios, sede electrónica e páxina web municipal os efectos oportunos.

En Arzúa, venres, 9 de agosto de 2019

O Alcalde - Presidente
Asdo.- JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ

Dou fe, a secretaria
Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁQUEZ

>>

RECURSOS:

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, **recurso de reposición** no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interpoñer **recurso contencioso-administrativo**, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou ó da notificación do presente acordo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Arzúa, o venres 9 de agosto de 2019

A secretaria

Asdo.- Dna. Rebeca Vázquez Vázquez